



Begoña Paz. // Arquivo

A sombra de Humbert

Narrativa O atormentado narrador da novela de Begoña Paz recunha no personaxe de *Lolita*

Salvando todas as distancias, que son moitas, o lector non pode evitar pensar que o atormentado narrador en primeira persoa da novela de Paz ten moito que ver con aquel Humbert Humbert de Nabokov, aínda que non estea disposto a admitilo e asegure no seu discurso *as mellores intencións* que poidan xustificar o seu obsesivo comportamento.

Desde este punto de vista podemos ler a novela de Begoña Paz como un *contrafactum* da *Lolita* de Nabokov: nos dous casos un home maduro e solitario busca a felicidade nunha nena, e para acceder a ela non dubida en utilizar á súa nai, quen rematará morrendo ao se converter nun estorbo insuperábel. Os narradores protagonistas teñen en común seren homes *infinitamente melancólicos*, inadaptados, e coa habilidade suficiente para se presentaren a si mesmos diante do lector como *candorosos*, a pesar de que a calculada premeditación dos seus actos desminta tal suposto candor. As semellanzas de inicio provocan que leamos a novela ata o final tendo moi presente o famoso antecedente e a ameaza da pedofilia como sospeita permanente ao longo da narración.

As mellores intencións · Begoña Paz · Xerais, 2008 · 120 páx · 15,25 euros



A diferenza, anunciada no mesmo título, é que Humbert Humbert declara a lascivia como a causa que o impulsa a buscar a compañía da nena e esforzase en explicar as razóns, o proceso e as consecuencias psíquicas e morais da súa inclinación polas criaturas inmaduras. Porén, Gabriel só admite que foi a compaixón por un ser indefenso e maltratado o motivo que o levou a tecer a rede de enganar que o acabarán empuxando a cometer un crime. Nos dous casos o fin xustifica os medios.

Por moito que nos poidamos poñer de acordo en que a realidade supera, case sempre, á ficción, no argumento d'*As mellores intencións* a verosimilitude fórzase ao máximo nalgúns aspectos. O premio desmesurado co que se ve favorecido o protagonista e que pon nas súas mans unha auténtica fortuna é, en realidade, o auténtico *Deus ex machina* que determina a acción. Non hai nada que se resista á

poderosa convicción do diñeiro, mesmo Olga, a muller do protagonista, morre inesperada e oportunamente para que o diñeiro dite a súa sentenza. Outro dos problemas que debilitan a verosimilitude argumental é a insuficiencia da información que dá o narrador acerca de si mesmo, sexa con datos obxectivos sobre a súa familia e sobre os feitos que determinan o seu carácter retraído e obsesivo, sexa con datos subxectivos, mediante a análise profunda dos seus sentimentos e do resto dos personaxes.

A narración de Gabriel déixanos a impresión de quedar na superficie, de non ter vontade real de baixar ata os abismos da súa conciencia, como fai o desvergonzado Humbert. Un heroe pudoroso do que acabamos sospeitando que non é franco, que se agacha aínda falando para si mesmo, mais que, teimudo coma ninguén, acaba saíndose coa súa, cunha nena indefensa nos brazos, da que se erixe en salvador, libre da carga da implacábel potestade maternal. A impresión final é que a novela carece da ambición, do mesmo xeito que o protagonista carece de valentía e franqueza, para chegar ás últimas consecuencias que un asunto como o tratado esixiría. // **Anxos García Fonte**